

CES

COOPERATIVISMO E ECONOMÍA SOCIAL

Núm. 37 (2014-2015), páxs. 335-341

ISSN: 1130-2682

**BAIXA VOLUNTARIA DUNHA COOPERATIVA: O DEREITO
AO REEMBOLSO SOBRE AS ACHEGAS AO CAPITAL
SOCIAL E A OBRIGA DO SOCIO DE RESPONDER POLAS
AMORTIZACIÓNS POR INVERSIÓNS. ANOTACION Á
SENTENZA DA AUDIENCIA PROVINCIAL DE LLEIDA
(SECC. 2ª) NÚM. 264/2014 DE 2 DE XUÑO, 2014**

*VOLUNTARY LOW IN A COOPERATIVE: RETURN OF
CONTRIBUTIONS RIGHT AND MEMBER OBLIGATION TO
RESPOND BY AMORTIZATION FOR INVESTMENT. ANNOTATION
TO THE JUDGMENT OF THE PROVINCIAL COURT OF
LLEIDA (SECC. 2º), NÚM. 264/2014 OF JUNE 2, 2014*

XACOBO IZQUIERDO ALONSO¹

I RESUMO

A Audiencia Provincial resolve o recurso de apelación contra a sentenza do Xulgado do Mercantil núm. 1 de Lleida, que estimaba parcialmente a demanda presentada por M. SCCL contra A. SCCL, así coma tamén estimaba parcialmente a demanda reconvenicional interposta por esta última contra a primeira, en ambos os dous casos sen facer especial condena en costas.

No relativo á demanda, o Xulgado resolvera:

Por unha parte:

1. Declara o dereito ao reembolso da actora sobre as súas achegas ao capital social de A. SCCL, na suma que indica e cos acrecementos sinalados.
2. Declara a non obriga da parte demandada a realizar decontado o pagamento das achegas ao capital social por seren obxeto de compensación.

Pola outra parte:

1. Declara que M. SCCL debe satisfacer á actora reconvenicional a cantidade que indica, en concepto de pagamento de amortizacións dos cinco anos posteriores á data da efectividade da baixa do socio da demandada reconvenicional na sección de froita de A. SCCL, coma consecuencia da aplicación do art. 16.3 dos Estatutos.
2. Declara que se debe compensar a dita cantidade coa antes aludida, reclamada na demanda principal, mais o intereses calculados coma se sinala.
3. Condena a M. SCCL a satisfacer a A. SCCL a diferenza que resulte a prol del, mais os intereses legais correspondentes.

M. SCCL interpon recurso de apelación contra a sentenza do Xulgado. No fundamento do recurso, a precitada demandante, en relación ao fondo do asunto, alega:

1. Infracción da normativa cooperativa en relación aos efectos económicos da baixa do socio na lei catalana 18/2002, e na supletoria lei estatal, en especial no que atinxe á liquidación das achegas, concepto das deducións e reembolso do saldo;
2. Erro na avaliación da proba practicada, en especial das probas periciais, incidindo no vencello entre as subvencións e as amortizacións que se reclaman e insistindo na prescripción da acción exercitada na demanda reconvenicional.

Todo é negado pola contraparte.

O cerne da argumentación sobre o fondo do recurso, segundo recolle a sentenza anotada, consiste en afirmar que “la deducción limitada al 20% de las aportaciones obligatorias es una deducción por daños y perjuicios y no una sanción o multa y consecuentemente es incompatible con la deducción quinquenal. Indica que en cualquier caso se podría haber elegido aplicar la quinquenal al momento de hacer la liquidación y presentarla al socio al causar baja, pero no se hizo, aplicándose la norma porcentual con su grado máximo del 20%, por lo que no puede admitirse ahora que por vía reconvenicional se pretenda aplicar cinco años más tarde una deducción que ni se hizo y ni siquiera se anunció en su momento”.

A Audiencia Provincial resolve desestimando o recurso de apelación interposto por M. SCCL contra a sentenza dictada polo Xulgado Mercantil 1 de Lleida, confirmando a dita resolución con imposición de costas da alzada á apelante.

2 ANOTACIÓN

No Fundamento Cuarto a Sala analiza a cuestión de fondo relativa a alegada infracción da normativa cooperativa respecto aos efectos económicos da baixa do socio na precitada lei catalana 18/2002, e na supletoria lei estatal, segundo o que se acaba de indicar e que é o aspecto a anotar que aquí interesa. Desbotando as transcritas alegacións da recurrente, entende o Tribunal que, para analizar a natureza da responsabilidade que se exige a M. SCCL, débese aplicar o art. 19.6 da lei 18/2002 (e non o invocado art. 20.5 do mesmo corpo legal).

O art. 19.6 da lei catalana 18/2002 establece que “los estatutos pueden establecer que, en caso de baja, los socios respondan durante un plazodeterminado que éstos establezcan, que nunca puede ser superior a cinco años, de las inversiones realizadas y no amortizadas, en proporción a su actividad cooperativizada. Esta medida no es de aplicación si el consejo rector ha considerado que la baja del socio o socia es justificada por causa de fuerza mayor. Tampoco se aplica al socio o socia en los supuestos y con los requisitos establecidos en el artículo 56.4”.

A Sala considera que a propia lei compatibiliza a dita obriga no caso de baixa do socio, sexa cal fora a causa, coa responsabilidade do art. 20, sen que a aplicación da unha desbote a da outra, poidendo se aplicar amba-las dúas.

O dito artigo 20.5 – reformado por Decreto-lei 1/2011, de 15 de febrero (BOE de 30 de marzo) –, establece que “los socios que causen baja de la cooperativa, una vez fijado el importe de las aportaciones que debenreembolsarse, siguen siendo responsables ante la cooperativa, durante cinco años, de las obligaciones que ésta haya contraído antes de la fecha de la pérdida de su condición de socio o socia. Los estatutos sociales pueden establecer el método para la cuantificación y determinación de dicha responsabilidad”.

Esta responsabilidade establecida no repetido art. 20.5 (á que a recurrente alude co término “quinquenal”), considera a Sala que éo ante a Cooperativa polas

obrigas que esta tivera contraído fronte a terceiros antes da data da perda da condición de socio. Responsabilidade que nada ten que ver –continúa a Sentencia anotada- coa prevista no art. 19.6, que non trata que o socio responda das anteditas obrigas, senon das amortizacións polas inversións realizadas, sexa debido ou non o seu importe a terceiros: non se non responde neste caso por obrigas da propia Cooperativa, senon por amortizacións dos bens de inversión.

Continua decindo o meritado Fundamento Cuarto da resolución comentada, que o art. 20.2.b) (da lei catalana 18/2002) regula a penalización prevista para os casos de baixa inustificada ou expulsión; e que a penalización prevista nos Estatutos Sociais de A. SCCL, a detraer do reembolso, nos casos de baixa non xustificada, é do 20% das achegas obrigatorias ao capital social.

En efecto, o dito artigo 20.2.b) establece que “del importe definitivo del reembolso que resulte pueden deducirse las cantidades que el socio o sociadeba a la cooperativa por cualquier concepto; las que sean procedentes por baja no justificada o expulsión; las responsabilidades que le puedan ser imputadas y cuantificadas, sin perjuicio de la responsabilidad patrimonial que regula el Artículo 26.2LCAT; las pérdidas no compensadas de ejercicios anteriores, y las previsiones de pérdidas del ejercicio en curso que será preciso regularizar una vez cerrado”. Segundo a Sala xulgadora, este precepto autoriza que, ademais da deducción por baixa non xustificada que se acaba de indicar, poidan se aplicar ou restar outras responsabilidades susceptibles de seren imputadas ou cuantificadas, como por exemplo, a do art. 19.6 (mais arriba transcrito).

Así pois, é rexeitada pola Sala a alegación da apelante de que a responsabilidade porcentual e a quinquenal son excluíntes, e a de que ao se ter reducido a porcentaxe máxima do 20% das súas achegas obrigatorias por baixa non xustificada, xa non se pode deducir a quinquenal do art. 20.5. A Audiencia considera que non é esa a responsabilidade que se reclama na *litis*, senon a do art. 19.6 por amortizacións, non vencellada ésta incumprimento ningún nin tampouco a un dano ou prexuízo e que nin siquer está limitada ao importe da achega ao capital social. Para o xulgador da apelación estamos ante unha responsabilidade obxetiva prevista pola lei, recollida temén nos Estatutos da Cooperativa, poidendo, xa que logo, suceder que, un socio que teña cumpridas todas as súas obrigas sociais e que, ademais, sexa baixa xustificada, teña que responder das amortizacións se así se recolle nos Estatutos Sociais.

Contemplanse nesta resolución tres posibles supostos de deduccións nas devolucións das achegas ao socio que causa baixa: un primeiro concepto o relativo á responsabilidade por cinco anos das obrigas da cooperativa antes da perda da condición de socio (art. 22.4 da LCCAT); no segundo lugar teríamos a deducción baseada na penalización por baixa inustificada do socio (art. 20.2.b) da LCCAT); finalmente e en terceiro termo, está o caso das deduccións para pago de amortizacións dos cinco anos posteriores á data da efectividade da baixa (art. 19.6 da

LCCAT), o que constitúe precisamente o obxecto de reclamación por vía reconvenicional na *litis* en cuestión.

Distinción importante entre os precitados supostos de deducións é a de que o primeiro, o da deducción por perdas, é de obrigado cumprimento. Na LCCAT o márxese de discrecionalidade que poden enche-los estatutos límitase aquí ao establecemento do método para a cuantificación e determinación da dita responsabilidade (en sentido semellante, a título de exemplo, os artigos 51.2 da LC e 64.3, LCG). Responsabilidade ésta que será de carácter limitado, tanto en relación ao *quantum* (ata o importe das achegas aínda que non estiveran totalmente desembolsadas), como no tempo (nun duplo sentido: obrigas contraídas antes da perda da condición de socio e responsabilidade polas mesmas durante cinco anos dende que esta situación de baixa ten lugar).

En relación ás posibles penalizacións por baixa inxustificada do socio, atopámonos aquí cunhas deducións causais, por mor do motivo que orixina a baixa do socio. No caso da Cooperativa reconvínte, no suposto de baixa xustificada pódese deducir ata o 20% das achegas obrigatorias.

No derradeiro lugar está a deducción cuxa compensación é reclamada reconvenicionalmente pola Cooperativa recurrida: a que corresponde á responsabilidade por cinco anos de inversións realizadas e non amortizadas. Esta deducción prodúcese en proporción á participación do socio na actividade cooperativizada, non en función das achegas, co que se poderían imputar ao patrimonio do cooperativista: se a responsabilidade é limitada polas débedas sociais, a tal limitación non impediría a responsabilidade persoal e ilimitada fronte a sociedade das perdas orixinadas na explotación (F. TORRES PEREZ: *Régimen Jurídico de las Aportaciones Sociales en la Sociedad Cooperativa*, Thomson Reuters, Aranzadi, Cizur Menor, 2012, pp. 432 y 433).

Ten interese, a este respecto e para concluir, a Sentenza da A.P. de Tarragona n.º 309/2013, de 2 de setembro (<http://portaljuridico.lexnova.es/jurisprudencia/JURIDICO/220014/sentencia-ap-tarragona-309-2013-de-2-de-septiembre-cooperativas-agropecuarias-asambleas-general>, consulta: 16 junio 2015) que, en aplicación do mesmo precepto —art. 19.6 da LCCAT—, de xeito acertado considera que, no ámbito relacional da entidade cooperativa cos seus propios socios, como é o caso dunha obriga que teña socio coa cooperativa, a responsabilidade individual aquélase só para coa sociedade. E explica afinadamente a *ratio* do art. 19.6 da LCCAT no que respecta á repercusión das inversións non amortizadas. Lembra a dita resolución da Audiencia de Tarragona que “la amortización constituye el importe de la inversión que ha de distribuirse y opera de correctivo a situaciones de enriquecimiento injusto o de descapitalización social como consecuencia del abandono del socio, aun por causa legítima. Por lo que el socio cooperativista que se ha beneficiado de la renovación de los medios productivos con su adquisición por la cooperativa y que causa baja, compromete, de no mediar medidas correc-

toras, la viabilidad económica de la sociedad; por lo que es adecuado que el socio que causa baja haya de soportar la repercusión del coste de las inversiones hechas para mejora de la producción de la entidad, de la que se ha beneficiado y tendría un enriquecimiento injusto”. E continúa: “su finalidad es evitar el perjuicio que pueda sufrir la Cooperativa si realiza unas inversiones en consideración al número de socios y a las aportaciones de éstos, si se dan de baja; por lo que el artículo 19.6 de la Llei regula una responsabilidad por los perjuicios económicos derivados de la baja de socios ante la ruptura unilateral del contrato societario que hace que el resto de los socios hayan de asumir las cuotas por amortizaciones pendientes”.